



NOTA DE PRENSA (1 Agosto 2024)

A Asociación Cultural Castiñeiro Milenario de Begonte vai organizar a **Duodécima edición do Festival 27373** de música en Galego que terá lugar o sábado 10 de agosto no **Club Fluvial de Begonte** que presta as súas instalacións para a celebración deste festival.

O **Festival 27373** caracterízase por ser o único festival do Concello de Begonte, un dos poucos festivais cunha programación íntegra en Galego, que apoia a grupos emerxentes e que nos últimos anos conta, polo menos, cun grupo integrado maioritariamente ou liderado por mulleres. Unha aposta pola lingua e pola visibilidade da muller nos escenarios.

O Festival está dividido en dúas partes. Polo día, a programación vai dirixida aos máis pequen@s e ás familias. A partir das 13:45 horas comezará unha atractiva sesión vermú con música tradicional a cargo do grupo Axeigo, dentro do programa Tradigalu da Deputación de Lugo, e na que poderemos gozar, en exclusiva, das dúas cervexas oficiais do Festival 27373: unha cargada de lima, e a outra ben cargada de trigo e laranxa. Ámbalas dúas cervexas son unha colaboración entre Castiñeiro Milenario e **cervexa artesá Aloumiña** de Lugo. Xa pola tarde, a partir das cinco, comezará o tradicional **XII Aberto de Billarda** coa colaboración da Asociación O Varal. Ás cinco e media iniciará a súa actividade a ludoteca ambulante da Chintofanería, un espazo de liberdade e creatividade para os máis pequenos. Ás seis, dará comezo o **IV campionato de serrador@s da Terra Cha**. Agardemos que sexa un bo día para pasar ao carón do río, xantando e compartindo sobremesa nunha zona que conta con tódolos servizos, nun entorno de ribeira perfectamente acondicionado e coidado, onde se pode gozar dun baño, xantar nalgunha das mesas ou mesmo no campo e pasear á beira do río Ladra ao tempo que participamos nas distintas actividades.

Abrindo o festival de noite, sobre as 21 horas subirá ao escenario o grupo **Nimbos**, un cuarteto liderado pola pontesa Antía Franco, que vai poñer o torreiro a bailar aos ritmos da música tradicional. Os seguintes en subir ao escenario será **Loita Amada**, o novo proxecto musical de Jásper e un dos grupos máis esperados pola parroquia rockeira de Begonte, enerxía, reivindicación e compromiso social encherán o escenario do Festival 27373. **Manu Kasoaparte** co seu punk d'aldea cheo de compromiso e loita poñerá o punto final a esta nova edición do festival.

Queremos agradecer a axuda económica da **Deputación de Lugo** e do **Concello de Begonte**. Ao **Club Fluvial de Begonte** por prestar as súas maravillosas instalacións. Á asociación **O Varal**, por axudar na organización do aberto de billarda e, por suposto, a **Cervexa Artesá Aloumiña**, por todas as facilidades para facer de novo as cervexas do festival. Tamén a todas aquelas asociacións culturais, artesáns, e, por suposto, agradecer a

presenza de todas as persoas que se acheguen ata Begonte a pasar un día cheo de actividades culturais nun entorno incomparable.

Adxunto vai o cartel, de novo ideado polo deseñador gráfico de Begonte, **Marcos Vigo** ao que queremos agradecer a súa colaboración.

Máis información da Asociación en <http://castinheimilenario.wordpress.com/>.

Toda a información sobre o **Festival 27373** en <http://festival27373.wordpress.com>

Asociación Cultural Castiñeiro Milenario